

CURSO 2015-2016 CONVOCATORIA DO NIVEL AVANZADO¹ (PLAN DE ESTUDOS EMAO 2015) PARA TODAS AS ESPECIALIDADES

Bases xerais

1. Alumnado con dereito ao acceso ao nivel Avanzado

O alumno/a que remate o nivel superior da especialidade na que estea matriculado/a, coa cualificación de apto/a, poderá acceder ao nivel Avanzado, que consiste no desenvolvemento dun proxecto de fin de estudos previamente presentado e seleccionado conforme ás normas e aos criterios que se explicitan de seguido.

2. Características xerais do nivel Avanzado

Este nivel ten carácter presencial, en sesións semanais de dúas horas de duración durante a totalidade do curso académico. A asistencia será obrigatoria para os /as seleccionados/as, cun máximo de faltas de asistencia xustificadas do 25% do total do crédito horario.

Ao remate do curso académico, unha vez avaliado e calificado como Apto/non apto o proxecto desenvolvido, conforme ao Plan de Estudos da EMAO 2015 (PEEMAO2015), certificaranse 70 horas correspondentes á superación do nivel AVANZADO.

3. Presentación de solicitudes

Para acceder a este nivel o/a interesado/a deberá presentar, nos prazos que se indican na presente convocatoria, un proxecto persoal directamente relacionado coa especialidade cursada. Esta proposta será informada inicialmente polo/a mestre/a titular da mesma tendo en conta as especificidades recollidas no apartado correspondente desta convocatoria.

4. Características e condicións do Proxecto de fin de estudos

- Este proxecto poderá orientarse nalgunha das catro liñas seguintes:
 - Investigación
 - Producción
 - Creación
 - Ampliación de coñecementos.
- O alumnado admitido deberá asistir, no horario establecido para o nivel Avanzado en cada especialidade, aos talleres da EMAO, para poder ser asesorado/a e dirixido/a no desenvolvemento do proxecto, en modalidade de titoría, polo/a docente da especialidade. Isto sen prexuízo de que para o correcto desenvolvemento do proxecto, este necesite realizarse a maiores fóra das instalacións da Escola.
- A selección do proxecto de fin de estudos implica a matrícula na EMAO no nivel AVANZADO da súa especialidade.
- Á finalización do proxecto, que deberá ser rematado antes do fin do curso académico 2015-2016, o/a docente-titor/a emitirá un informe de valoración no que conste motivadamente se o alumno/a acadou ou non os obxectivos expresos indicados na súa memoria inicial de proxecto.
- Os materiais necesarios, se é o caso, para a realización do proxecto serán integramente por conta do alumno/a seleccionado/a, que poderá, en todo caso, utilizar os recursos dispoñibles no Taller e outros propios da Escola que, a xuízo do mestre/a titor/a, sexan pertinentes.
- Se o proxecto ten como resultado algún produto material, o alumno/a

¹ Nivel previsto e regulado no Plan de Estudos da EMAO 2015 (PEEMAO2015), aprobado pola Xunta Rectora do Organismo Autónomo EMAO de 16/04/2015 (Documento 2 Redeseño do Currículum por especialidades, Anexo XI) que substitúe á opción Aula aberta/Proxectos do Plan anterior.





poderá, se así o desexa, facer doazón ou depósito do mesmo para a Escola. A Xunta Reitora, a proposta do/a Director/a da EMAO, tralo informe do profesor/a-titor/a do proxecto, decidirá se acepta ou non a doazón ou depósito.

- O alumnado seleccionado, de ser o caso, comprométese a permitir, durante o prazo de dous cursos académicos como mínimo, a exposición pública por parte da EMAO, dos elementos materiais produtos finais do desenvolvemento do proxecto, así como, se é o caso, a autorizar a publicación pola EMAO (no formato que considere) dos resultados.

5. Presentación e selección de proxectos

5.1. Forma e contido do proxecto:

O alumnado que cumpra as condicións requiridas poderá presentar no rexistro da Unidade Administrativa da EMAO, nos prazos indicados, o proxecto persoal que conterá, como mínimo, os seguintes apartados:

- Encabezamento: *Solicitud de selección de proxecto de Fin de estudos curso 2015-16.*
- Datos completos do alumno/a
- Nome do Proxecto
- Especialidade
- Liña do proxecto (Investigación, Producción, Creación ou Ampliación de coñecementos)
- Sinopse
- Obxectivos xerais e específicos
- Contido
- Temporalización: fases
- Resultado final esperado

5.2. Comisión de valoración

Unha comisión formada por Director/a, Xefe/a de estudos, o/a profesor/a da especialidade e un profesor/a elixido por cada un dos departamentos, seleccionará, previo o informe escrito do profesor/a da especialidade, de xeito libre e motivado, aqueles proxectos que considere de interese, valorando os seguintes apartados:

- Fundamentación
- Orixinalidade
- Implicación no proxecto dos coñecementos, técnicas e destrezas adquiridos polo alumno/a durante a súa formación.
- Interese e relevancia que ten no marco da especialidade.
- Capacidade intrínseca do proxecto de xerar novo coñecemento ou fixación de aptitudes e actitudes
- Coherencia e viabilidade
- Orzamento estimado
- Deseño e presentación
- Adaptación á modalidade de titoría
- Creatividade e implicación

A EMAO publicará, no Taboleiro e na web, o listado do alumnado seleccionado para o Nivel Avanzado, facendo constar o nome do alumno/a, especialidade e denominación do proxecto.

6. Prazos

- Do 21 de maio ao 12 de xuño de 2015, presentación de proxectos por parte do alumnado.
- Do 12 ao 17 de xuño de 2015, informe dos proxectos por parte do profesorado e presentación da ficha docente de cada proxecto



- seleccionado á Comisión citada en 8.2.
- Do 19 ao 29 de xuño de 2015: estudo e selección de proxectos pola Comisión de valoración
 - Día 30 de xuño de 2015: exposición pública (taboleiro e internet) do listado de alumnado e proxectos seleccionados.

7. Reclamacións á selección dos proxectos

En desacordo coa selección realizada pola comisión de valoración poderá presentarse reclamación polo alumno/a interesado/a, perante a dirección do centro, no prazo de un mes contado a partir da data de exposición pública dos listados de admitidos.

Disposición transitoria

Conforme ao acordo da Xunta Rectora do Organismo Autónomo de 18/05/2015 (expte. 1984/13) en relación coa transición de alumnado do PNC ao curso avanzado do PEEMAO2015:

Coa finalidade de non interferir no desenvolvemento de proxectos de fin de estudos do alumnado procedente do Plan anterior --nos cursos Perfeccionamento II ou Nivel II-, no curso 2015-2016, permitírase excepcionalmente desenvolver un proxecto de fin de estudos no curso avanzado sen o carácter presencial que dispón o PEEMAO2015 aprobado. As excepcións neste sentido deberán estar convenientemente motivadas no informe preceptivo do mestre da especialidade e ser aprobadas na comisión de valoración prevista na presente convocatoria.

RO/

Vigo, na data rexistrada na sinatura dixital

O TÉCNICO SUPERIOR DE CULTURA E EDUCACIÓN
 DIRECTOR E.F. DA EMAO
 Asdo.- Rafael Ojea Pérez

